

**COMER É UN PRACER! II**

**Responde ás preguntas e faimas chegar a [anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es](mailto:anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es) ou por wassap ao 605563364.**

1. Hoxe seguimos comendo, que marabillosa actividade! De entrante, realiza a actividade número 5 da páxina 141 do teu libro de texto. Intenta dar resposta ás adiviñas.
2. Agora bótalle un ollo ao vocabulario da páxina 140 e ao da páxina 158. Concéntrate e completa o nome do alimento correspondente ás pistas que che dou, como no exemplo. **Moito ollo co uso dos B e V!!!!!!** Se non estás seguro de como se escribe a palabra, consulta o dicionario:

- a) Carne que acompaña con moita frecuencia ao grelo: **L A C Ó N**



- b) \_\_\_\_\_:

- c) Sen unha tapiña de \_\_\_\_\_ non hai boa romería! Outra pista: é un cefalópodo.
- d) Aínda que se parecen moito, non é o mesmo un grelo que unha \_\_\_\_\_
- e) Ademais de ter un clube na tele, a carne, e sobre todo o pernil do \_\_\_\_\_ están moi bos
- f) Unha froita vermella que non é francesa, pero rima con ela: \_\_\_\_\_
- g) O arroz con l \_\_\_\_\_ (ese animalíño que, se ten medo, bota tinta e foxe) e c \_\_\_\_\_ ( tamén coñecidas como ervellas) é un clásico da nosa gastronomía.
- h) Non hai nada como unha empanada de z \_\_\_\_\_ .
- i) Un cocido ou un caldo sen as deliciosas \_\_\_\_\_ non é nada. Mais non é bo andar nelas, porque iso significará que estás despistado.